

**SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN**FPOC-04/32 E6
Páxina 1 de 2**D/D^a:****Cargo:****D.N.I.:**

En nome e representación da adegua cos seguintes datos identificativos:

Nome/Razón Social:**D.N.I. / C.I.F.****Enderezo das Instalacións/Localidade/C.P./Provincia:****SOLICITA:**

A certificación, de acordo co Prego de Condicións da Denominación de Oríxena Ribeira Sacra e os requisitos do Manual de Calidade do seu Consello Regulador, dos viños de dita adegua coas tipoloxías seguintes:

- ☐ Tinto Ribeira Sacra Súmmum
- ☐ Tinto Ribeira Sacra
- ☐ Branco Ribeira Sacra Súmmum
- ☐ Rosado Ribeira Sacra Súmmum

DECLARA:

1. que a adegua representada se encontra inscrita nos Rexistros de Adegas do Consello Regulador e ao día das súas obrigas de pago;
2. que cumpre todos os requisitos do Regulamento da Denominación de Oríxena Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador;
3. que coñece o esquema de certificación do Consello Regulador da Denominación de Oríxena Ribeira Sacra descrito nos seus procedementos na súa edición vixente, e en particular no referente ao mantemento e retirada da certificación, así como ás queixas e apelacións;
4. que todos os datos que se proporcionan nesta solicitude e outros adxuntos son verdadeiros.

ACEPTA E COMPROMÉTESE A:

1. manter os compromisos adquiridos no momento da inscrición,
2. declarar que este certificado será usado unicamente para o alcance para o cal se lle concedeu a certificación
3. aboar o importe das tarifas vixentes relativas á certificación do produto
4. facilitar aos auditores, agentes de control e vedores os medios necesarios para levar a cabo as actividades de auditoría, inspección e toma de mostrás, e permitir o exame de toda a documentación requirida e o acceso a todas as áreas, rexistros e persoal, tamén aplicable ao persoal de administración nas tarefas que lle son de aplicación,
5. en caso de ser detectadas incidencias e/ou non conformidades, corrixir as mesmas nos prazos concedidos para iso polo Órgano de Control e Certificación, así como responder aos requirimentos que a tal efecto sexan realizados polo persoal do mesmo,
6. elaborar os viños para os que solicita o uso da marca Ribeira Sacra de acordo cos requisitos do Prego de Condicións da Denominación de Oríxena Ribeira Sacra, comprobándoo mediante sistemas propios de control de Calidade físico-químicos e organolépticos comprobables polo Órgano de Control, e no comercializar partidas de viño certificadas que incumpran ditos requisitos,
7. someter as partidas de viño á verificación da súa aptitude polo Órgano de Control e Certificación mediante análises físico-químicas (realizadas por laboratorio acreditado) e organolépticas (realizadas por catadores do Panel de Cata do Consello Regulador), en caso de discrepancias con ditos análises, someterse aos prazos e procedementos referidos no POC-05 Procedemento Técnico de control para Certificación de produto,
8. en caso de discrepancias con requirimentos ou actuacións do Órgano de Control e Certificación, someterse aos mecanismos de reclamación, alegación e apelación previstos no capítulo 9 do Manual de Calidade,
9. como operadores de produto amparado pola Denominación de Oríxena Ribeira Sacra, manter rexistradas as reclamacións recibidas dos seus clientes directos por motivo dos produtos amparados, así como as accións correctivas levadas a cabo para solucionar ditas reclamacións.

En caso de incumprimento de algunha destas condicións, o Consello Regulador poderá abandonar o proceso de certificación, mantendo o dereito a cobrar íntegramente as tarifas correspondentes a dito proceso.

Monforte de Lemos, de de 20.....

Ado. con D.N.I.

(representante da adegua)



SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN

FPOC-04/32 E6
Páxina 2 de 2

ESQUEMA DE CERTIFICACIÓN DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA

O esquema de certificación da DO Ribeira Sacra está composto polos requisitos do Prego de Condicións da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e os recollidos nos seguintes procedementos:

- ✓ Procedemento de Xestión da Certificación
- ✓ Procedemento Técnico de Control para Certificación de Produto
- ✓ Procedemento de Control durante a Vendima
- ✓ Procedemento de control de etiquetado
- ✓ Procedemento de Xestión das Reclamacións
- ✓ Procedemento de Incidencias e Non Conformidades Operadores

As adegas que aspiren a dispoñer da certificación deben estar inscritas nos Rexistros de Adegas da DO Ribeira Sacra, para o cal é tamén de aplicación o Regulamento da DO Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador. Así mesmo, a uva utilizada debe proceder de parcelas inscritas nos Rexistros de Viñas do Consello Regulador, ás cales e aos seus titulares lles é de aplicación tamén o mencionado Prego de Condicións e Regulamento, así como os requisitos recollidos no Procedemento de Inscripción.

A certificación é condición necesaria para a concesión de precintas de garantía ás diferentes partidas de viño que a adega queira comercializar coa marca Ribeira Sacra. Una vez certificada, cando una determinada partida de viño superase todos os autocontroles de Calidade (físico-químicos e organolépticos), e a adega considere que está lista para a súa comercialización, a adega poderá solicitar ao Consello Regulador a verificación da aptitude da partida. Cando dita aptitude sexa verificada positivamente polo Órgano de Control e Certificación, o Consello Regulador, previa solicitude da adega, entregará as precintas de garantía correspondentes, co que a adega poderá proceder ao embotellado e/ou etiquetado da partida.

A certificación, por tanto, non dá por si soa o dereito á concesión das precintas de garantía (é tamén necesaria a verificación positiva de aptitude das partidas de viño por parte do Órgano de Control). Tampouco a verificación positiva de aptitude dunha partida dá por si soa o dereito á concesión das precintas de garantía para esa partida (é necesaria a previa certificación por parte do Órgano de Control e Certificación).

USO DO CERTIFICADO POR PARTE DA ADEGA

A adega á que se conceda certificación de produto queda obrigada, con respecto ao uso do certificado a:

1. aceptar e cumprir todas as Condicións e requisitos establecidos no Prego de Condicións, Regulamento da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador e demais acordos que adopte o Consello Regulador, de lo que será informado por este,
2. aceptar e cumprir en todo momento as disposicións aplicables relativas a certificación, recollidas nos distintos procedementos
3. facilitar aos auditores os medios necesarios para levar a cabo as actividades de auditoría e toma de mostras, e permitir o exame de toda a documentación requirida e o acceso a todas as áreas, Rexistros e persoal, tamén aplicable ao persoal de administración nas tarefas que lle son de aplicación,
4. non utilizar a certificación de maneira que poida prexudicar o prestixio do Consello Regulador ou da Denominación de Orixe, e non facer ningunha declaración referente á súa certificación de produto que o Consello Regulador puidese considerar como impropia o no autorizada,
5. deixar de usar, una vez suspendida ou retirada a súa certificación, toda a publicidade que conteña calquera referencia a ela e devolver calquera documento relacionado con ela cando o esixa o Consello Regulador, en particular, en caso de cancelación da certificación, devolver o certificado orixinal ao Consello Regulador
6. usar a certificación unicamente para mostrar que produtos están certificados en conformidade co prego de Condicións da Denominación de Orixe Ribeira Sacra,
7. asegurar que ningún documento ou informe, nin parte do mesmo, é utilizado de maneira enganosa. En caso de reproducir o certificado de dereito de uso da marca da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, facelo de forma fiel e sen alteración ningunha do mesmo,
8. cumprir cos requisitos do Consello Regulador ao facer referencia á súa condición de certificado en medios de comunicación, tales como documentos, folletos ou publicidade,
9. ter actualizados os datos cos que contan no Consello Regulador, informando das modificacións relativas á información aportada no momento da súa inscrición/certificación,
10. estar ao corrente do pago das súas obrigas co Consello Regulador,
11. permitir que calquera dato ou información sobre o seu certificado que obre en poder do Consello Regulador poida ser consultado, baixo requirimento xustificad polo Comité de Partes do mesmo, pola empresa contratada para a realización das Auditorías Internas, pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) nas súas auditorías de acreditación ao Consello Regulador, e/ou pola entidade administrativa ou xudicial no seu caso,
12. permitir ao Consello Regulador informar do estado de certificación dos seus produtos, xa sexa publicándoo nos seus medios de comunicación propios (sitio web) ou baixo petición de terceira parte.

E todas aquelas obrigas particulares relacionadas no Procedemento de Certificación.

O incumprimento dalgunha destas obrigas pode conlevar a retirada inmediata da certificación por parte do Consello Regulador.

COMPROMISOS DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA

1. o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra comprométese a finalizar o proceso de certificación no prazo de seis meses desde data de entrada desta solicitude, correctamente cuberta, no seu rexistro de entrada, sempre e cando non se detecten non conformidades no proceso de certificación, ou ben estas sexan resoltas nos prazos correspondentes,
2. o final do proceso de certificación materialízase no Certificado de Dereito de Uso da Marca da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, que será emitido polo Secretario do Consello Regulador, tras decisión vinculante do Comité de Certificación, ao termo do proceso de certificación,
3. unha vez obtida a certificación, o Consello Regulador emitirá, para cada partida de viño con aptitude verificada, as correspondentes precintas de garantía, sendo responsabilidade da adega solicitante o correcto uso das mesmas.
4. os datos do operador aos que teña acceso o C.R.D.O. Ribeira Sacra durante o proceso de certificación, serán utilizados unicamente para dito fin, garantíndose a confidencialidade dos mesmos, e podendo ter acceso a eles, ademais do persoal do C.R.D.O. Ribeira Sacra e os seus servizos xurídicos, unicamente os auditores internos e externos do C.R.D.O. Ribeira Sacra e os membros do Comité de Certificación e do Comité de Partes, no exercicio das súas funcións e baixo compromisos contractuais o persoais de salvagarda da confidencialidade, ademais de aquela entidade administrativa o xudicial que así o demande.

REVISIÓN DA SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN

a cubrir por o Director Técnico

Resultado da revisión	Data e Sinatura
☐ Non conforme	
☐ Conforme	

Observacións:

Monforte de Lemos, de 20

Ado: DNI

Secretaría CRDO Ribeira Sacra